

Saídas do centro con alumnado

No caso de actividades complementarias e/ou extraescolares que coincidan con horas lectivas, hai que lembrar estas catro situacións posibles:

- 1. Alumnado que queda no centro**
- 2. Alumnado que participa na saída**
- 3. Profesorado que queda no centro e ten clase en grupos incompletos**
- 4. Profesorado que participa na saída**

1. Alumnado que queda no centro

Segue tendo a obriga de asistir a clase na xornada ou xornadas nas que os seus compañeiros non están por asistir á actividade. Pasarase lista e as posibles faltas de asistencia deberán ser xustificadas, de ser o caso, do xeito habitual.

Para facilitar a recollida de información, o/a delegado/a da clase ou o/a subdelegado/a, poderá anotar os avances nas materias para transmitir esa información ao resto do alumnado. No caso de que estes representantes do alumnado tamén estean na saída, o/a titor/a pode encargarse a outro/a alumno/a esta tarefa.

2. Alumnado que participa na saída

Ao seu regreso ao centro poranse en contacto co/a delegado/a (ou persoa encargada) para anotar os avances nas materias que perderon nesa xornada ou xornadas.

3. Profesorado que queda no centro e ten clase en grupos incompletos

É decisión do profesorado de cada materia a adaptación da programación didáctica para ese día ou días, en función do alumnado presente en cada grupo e o desenvolvemento da mesma.

4. Profesorado que participa na saída

Tendo previsto o día ou días de ausencia, deberá deixar organizadas tarefas para as clases que imparte, aos efectos de que o profesorado de garda poida facer chegar as mesmas ao alumnado que queda no centro.